

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA NA PROVINCIA DE OURENSE

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra, D. Rosendo L. Fernández Fernández en representación do **Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE)**, na súa calidade de Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren no artigo 12.2.a) dos estatutos do INORDE, aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004, publicados no BOP do 5 de outubro de 2004.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia créase como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establecendo como obxectivo desta o de

impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- Que de conformidade cos estatutos aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004 e publicados no BOP do día 5 de outubro de 2004, o INORDE é un organismo autónomo de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fins.

O seu obxectivo é o desenvolvemento económico da provincia de Ourense, tendo en conta aspectos ambientais e sociais que contribúan ao desenvolvemento sustentable de toda a provincia. Os seus Estatutos, publicados no nº 231 do BOP de Ourense do 5 de outubro de 2004, establecen entre outros obxectivos o de "impulsar o desenvolvemento do potencial turístico da provincia" (art. 3.f).

Así mesmo, o artigo 4.1. f) establece que para acadar os seus obxectivos o INORDE poderá *"promover e establecer acordos técnicos e económicos de todo tipo de empresas, organismos, institucións, asociacións e expertos que poidan contribuír ao cumprimento dos obxectivos do INORDE"* engadindo no punto 2 que *"para o exercicio das súas funcións, o INORDE disporá das mesmas potestades administrativas que a lei lle atribúe á Deputación"*.

O INORDE, como medio propio da Deputación Provincial de Ourense, será o organismo encargado da xestión e execución do presente convenio, sendo os obxectivos que se pretenden acadar a través del:

- 1.- Desestacionalización da oferta turística.
- 2.- Elaboración e promoción de produtos turísticos centrados no termalismo e no deporte.
- 3.- Promoción de produtos turísticos en mercados de proximidade.

As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza da provincia de Ourense, contribúen á potenciación do territorio que configura o seu ámbito e á súa consolidación como destino turístico e, consecuentemente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza.

Terceiro.- As actuación concretas que se pretenden desenvolver son as seguintes:

1.-Turismo Deportivo. Cicloturismo.

O Turismo Deportivo tense convertido nunha das grandes bazas da proxección turística do territorio rural ourensán mediante a posta en valor dos seus recursos naturais. Co fin de darlle continuidade a probas que están posicionadas, que atraen a visitantes foráneos e realizan unha proxección da imaxe do destino, apoianse as seguintes actividades vencelladas a recursos singulares do territorio: tres eventos cicloturistas na provincia (Ourense Strade Termal, Ribeira Sacra Cycling Road e Xurés Bike Tour).

1.1. "Ourense Strade Termal"

A provincia de Ourense tense posicionado coma un destino preferente para afeccionados ao deporte da bicicleta, mostra deste dato é a celebración da proba cicloturista Ourense Strade Termal que este ano cumpre a súa 9ª edición. Este evento que terá lugar o 26 de abril con saída dende o Balneario de Lobios e percorrendo a Baixa Limia, con dúas alternativas diferentes, Gran Fondo de 118 quilómetros e Mini Fondo de 75 quilómetros.

Haberá 6 tramos de *sterrato* por diferentes puntos e ciclables con bicicleta de gravel ou de estrada, o que representa un gran atractivo para os cicloturistas que se achegan de diferentes provincias de España e puntos de Portugal.

Participantes: 300.

Importe: 8.228 €.

1.2: "Xurés Bike Tour"

A proba Xurés Bike Tour terá lugar os días 13 e 14 de xuño con dúas etapas que levarán aos bikers a percorrer a unha zona espectacular do Xurés, e que se estruturarán do seguinte xeito: primeira etapa Muíños-Lobios e segunda etapa Bande-Lobeira. Ao tratarse dunha proba de dous días impulsará as pernoctas, especialmente nunha época do ano no que esta comarca precisa de incentivos para favorecer a ocupación.

Participantes: 200.

Importe: 18.000 €.

1.3: "Ribeira Sacra Cycling Road"

A terceira marcha cicloturista, Ribeira Sacra Cycling Road, disputarase o día 26 de setembro ás portas do outono, no que a Ribeira Sacra se atopará en momento de vendima, contribuíndo a dar a coñecer a súa oferta singular.

Unha proba que segue crescendo e se consolida dentro do calendario nacional da RFEC. Terá dous percorridos, un Mini Fondo de 70 quilómetros e un Gran Fondo de 115 quilómetros, transcorrendo por diversos municipios da Ribeira Sacra ourensá.

Importe: 9.772 €.

A promoción de Ourense e Galicia nas tres probas realizarase a través de diferentes soportes de comunicación tales coma arcos de inicio e fin da carreira, roller dos centros BTT, inclusión de logos na documentación e na promoción da proba, difusión do destino a través da web e redes sociais realizando fotografía e vídeo, así coma en medios especializados.

Pódense consultar os perfís en Instagram e Facebook:

@ribeirasacracyclingroad

@xuresbiketour

@ourensestradetermal

Estas probas contribúen ademais a ter un impacto socioeconómico no territorio, así como a dalo a coñecer a novos visitantes, que poden achegarse noutros momentos do ano á provincia con outras motivacións.

Importe total: 36.000 €.

2.- Plan Estratéxico "Castelos de Ourense".

O INORDE dispón dun estudo previo e un inventario de 26 fortalezas, castelos e torres de defensa que se encontran distribuídas polo conxunto do territorio da provincia de Ourense. Estes recursos presentan diferente estado de conservación e accesibilidade, pero conforman un patrimonio que resulta de interese para diferentes tipos de públicos e que pode contribuír a xerar novos fluxos de visitantes a microdestinos que na actualidade non están nos circuitos turísticos convencionais, xerando sinerxías con outros recursos do territorio. Ademais, o INORDE dispón dun Plan Estratéxico de "Castelos de Ourense" para poñer en valor estes recursos turísticos, que sería preciso executar nun período de tres anos aproximadamente.

Nesta primeira fase propónse realizar as actuacións de xeración de literatura e folletos de cada un destes 26 elementos, así como redactar e deseñar a sinalización dos paneis, co fin de avanzar na solicitude das autorizacións sectoriais procedentes, e na vindeira anualidade proceder á súa instalación.

As actuacións serían as seguintes:

- 2.1. Xeración de fichas para cada castelo, con 300 palabras por unidade en idiomas castelán e galego.

Importe: 10.000 €.

- 2.2. Creación da marca e manual.

Importe: 8.000 €.

- 2.3. Estudo das localizacións de paneis, informes sobre autorizacións sectoriais e deseño do sistema de paneis informativos.

Importe: 18.000 €.

Importe total: 36.000 €.

3.- Promoción da Vía da Prata/Camiños da provincia de Ourense.

A Vía da Prata consolidou no 2025 as cifras do 2024 no que medrara un 12%, pero viuse claramente afectada desde mediados de agosto ata finais de ano polo impacto da vaga de lumes. Durante o 2025 rexistrou 8.837 peregrinos, mais aínda ten capacidade de carga e pode ser un elemento catalizador do turismo, polo que se propoñerán novas accións para contribuír a dinamizar o itinerario xacobeo máis extenso en Galicia, que conta con 200 quilómetros, dos que máis de 140 transcorren por 27 concellos da provincia de Ourense.

Na presente anualidade preténdese incidir en materia de promoción, tras a campaña estreada en Fitur 2025, que presenta esta ruta coma unha multiexperiencia (natureza, gastronomía, patrimonio e termalismo) adaptadas a diferentes públicos (mozos ou seniors).

Esta acción incluírá a creación de contidos inspiradores para xerar unha maior notoriedade deste itinerario xacobeo, xa que un dos obxectivos é lograr que se incrementen as buscas e a súa demanda a través das axencias especializadas, canalizando campañas de promoción a través dos canais destas axencias comercializadoras.

Importe: 18.000 €.

4. Promoción do Enoturismo.

Sendo o Enogastroturismo un dos recursos esenciais de Galicia e da provincia de Ourense, onde se albergan catro das cinco denominacións de orixe, a promoción destes recursos será a través dunha campaña destinada á comunidade "foodie" en España, para a promoción de experiencias de enoturismo realizando unha acción por cada unha das Rutas do Viño da provincia (Ribeiro, Valdeorras, Ribeira Sacra e Monterrei).

Seleccionarase un perfil especializado neste segmento de alcance nacional:

- RRSS 1 Reel en instagram + Carrusel 10 fotos da viaxe+ 4 stories.
- LinkedIn: 1 post publicitario.
- Entrevistas con chefs locais.
- Vídeo: creación dun vídeo con voz en off da viaxe.

Importe total: 18.000 €.

5.- Campaña de márketing dixital dos produtos estratéxicos da provincia de Ourense.

A provincia de Ourense precisa continuar xerando notoriedade e posicionamento dentro da oferta de Galicia. Nos últimos anos, en base a diferentes programas, téñense creado produtos turísticos senlleiros, experiencias sostibles e mellora da oferta, dos que resulta necesario apoiar a súa difusión mediante microcampañas de márketing, eminentemente dixitais, ou que sirvan de tractores para atraer público obxectivo aos soportes creados para tal fin, que serían, entre outros:

- Guía de Turismo Familiar.
- Ecobarcos (<https://ecobarcourense.gal/>).
- Vía da Prata (viadelaplata.gal).

O INORDE, polo tanto, realizará investimentos en márketing dixital, xa sexa a través de Google Ads, campañas de Meta, perfís de prescritores ou outros soportes que contribúan a xerar "leads" e tráfico aos mesmos, co fin de incrementar esa notoriedade necesaria na

que se incluíra as mencións e interacción coas canles dixitais de Turismo de Galicia ou a inclusión do logo e marca que proceda.

Importe: 30.000 €.

Cuarto.- Que a sinatura dun convenio de colaboración co INORDE é a canle máis apropiada para asegurar un desenvolvemento turístico equilibrado na totalidade do territorio da provincia, garantindo así a eficacia e a eficiencia dos recursos dedicados á promoción turística. As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza provincia Ourense, contribúen á potenciación do territorio que configura o seu ámbito e á súa consolidación como destino turístico xerador de emprego e redistribuidor de riqueza. Ao mesmo tempo, dáse cumprimento ao establecido na liña estratéxica 6 do Plan Integral de Turismo de Galicia, que no seu punto sexto establece a necesidade de establecer actividades de cooperación interadministrativas a través de convenios de colaboración coas deputacións provinciais.

Quinto.- Que, polo exposto, concorren, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, xa que coas actuacións obxecto do presente convenio contribúese á promoción non só da provincia senón da Comunidade Autónoma e á potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, así como ao fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, ao ser o INORDE a única entidade competente para a realización do seu obxecto.

O INORDE é un organismo autónomo de carácter administrativo dependente da Deputación Provincial. O seu obxectivo é o desenvolvemento económico da provincia de Ourense, tendo en conta aspectos ambientais e sociais que contribúan ao desenvolvemento sustentable de toda a provincia. Os seus Estatutos, publicados no n.º 231 do BOP de Ourense do 5 de

outubro de 2004, establecen entre outros obxectivos o de "impulsar o desenvolvemento do potencial turístico da provincia" (art. 3.f).

En consideración a todo isto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o INORDE para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes liñas de acción:

1.- Dinamización do turismo deportivo. Eventos cicloturísticos na provincia de Ourense:

- "Ourense Strade Terma!"
- "Ribeira Sacra Cycling Road"
- "Xurés Bike Tour"

2.- Plan Estratéxico "Castelos de Ourense".

3.- Promoción da Vía da Prata/Camiños da provincia de Ourense.

4.- Promoción do enoturismo.

5.- Campaña de márketing dixital de produtos estratéxicos da provincia de Ourense.

Todas elas son accións que teñen como obxectivo favorecer o coñecemento de Galicia como destino turístico de calidade a nivel interno e internacional, reforzando as accións sobre os recursos con maior valor engadido para o sector turístico e que, ao mesmo tempo, favorezan a sustentabilidade, a desestacionalización e o reforzamento da marca.

Segunda.- Financiamento

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a cento trinta e oito mil euros (138.000,00 €), co seguinte desagregamento:

ACCIÓN	IMPORTE €
1.- Dinamización do turismo deportivo	36.000,00
1.1. Promoción de Galicia na proba cicloturística Ourense Strade Termal	8.228,00
1.2. Promoción de Galicia na proba cicloturística Xurés Bike Tour	18.000,00
1.3. Promoción de Galicia na proba cicloturística Ribeira Sacra Cycling Road	9.772,00
2.- Plan Estratéxico "Castelos de Ourense"	36.000,00
2.1. Xeración de fichas para cada castelo en idiomas castelán e galego	10.000,00
2.2. Creación de marca e manual	8.000,00
2.3. Estudo das localizacións de paneis, informes sobre autorizacións sectoriais e deseño do sistema de paneis informativos	18.000,00
3.- Promoción da Vía da Prata/Camiños da provincia de Ourense	18.000,00
4.-Promoción do enoturismo	18.000,00
Total achega Axencia de Turismo de Galicia	108.000,00
5.- Campaña de márketing dixital de produtos estratéxicos da provincia de Ourense	30.000,00

Total achega INORDE	30.000,00
Total convenio	138.000,00

A Axencia de Turismo de Galicia achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 cento oito mil euros (108.000,00 €), que se imputarán á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.3, proxecto 2015 00005, na que existe crédito adecuado e suficiente. Esta achega destinarase ao financiamento das accións conforme ao custo estimado tal e como reflicte a anterior táboa.

O orzamento necesario para completar a execución do resto de accións previstas será financiado con fondos propios dos seus orzamentos polo Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE), que realizará unha achega total de trinta mil euros (30.000,00 €).

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables.

Terceira.- Compromisos das partes

1. O INORDE asume os seguintes compromisos:

- Diseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para a actuación que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027, e a marca "Galicia Calidade" en

todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>.

- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia de Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

- Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no *Diario Oficial de Galicia*, na páxina web oficial da Axencia de Turismo de Galicia e nos rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que resulten aplicables.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento de subvención e polo importe establecidos na cláusula segunda.

Cuarta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sexta.- Xustificación dos investimentos

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, para o que o INORDE deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.

Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outra parte, a entidade deberá presentar unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación precisa que veña establecida na normativa reguladora de subvencións en relación coa xustificación do convenio.

2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada, de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2026.

3. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do INORDE da aplicación dos fondos percibidos remata o **1 de decembro de 2026**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto na cláusula segunda, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía proporcional ao importe xustificado.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

Sétima.- Pagamentos anticipados

De acordo co artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o INORDE queda exonerado da constitución de garantía.

Oitava.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia de Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Novena.- Modificación do convenio e causas de resolución

1. Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima **dun mes**. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.

b) Orzamento ou proxecto modificado.

c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas ás entidades beneficiarias neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas ás entidades beneficiarias neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte a todas ou a algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o INORDE deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Décimo segunda.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e

do Real decreto 887/2006, que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

1. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme o establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

2. Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro

regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a

súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que o INORDE ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

Décimo sexta.- Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o **31 de decembro de 2026**.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade asinan o presente convenio

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Polo INORDE

José Manuel Merelles Remy

Rosendo L. Fernández Fernández